



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Edición e Administración:
Secretaría Xeral Técnica da
Consellería da Presidencia
Edificio San Caetano
Teléfonos: 566000 - 5100 - 4100
Santiago de Compostela

Depósito Legal: C. 73 - 1982
Imprime: «La Voz de Galicia, S.A.»
División de Artes Gráficas
A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia

Corrección de erros.— Decreto 67/1987, do 26 de marzo, polo que se crea a Comisión de Informática da Xunta de Galicia.

Advertidos erros no devandito Decreto, publicado no D.O.G. n.º 68 do 9 de abril de 1987, cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Nas páxinas 1.293 e 1.294, no epígrafe, onde di: «Consellería de Economía e Facenda», debe dicir: «Consellería da Presidencia».

Así mesmo, na páxina 1.295, ó remate do Decreto, na sinatura, onde di: «Carlos Otero Díaz, Conselleiro de Economía e Facenda», debe dicir: «Manuel Anxo Villanueva Cendón, Conselleiro da Presidencia».

Consellería da Presidencia

Decreto 71/1987, do 26 de marzo, sobre mobilidade e accesibilidade dos minusválidos nos edificios dependentes da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia, consciente da importancia que a ausencia de barreiras arquitectónicas ten para a mobilidade dos minusválidos e sen prexuício das medidas que con carácter xeral se vaian adoptar na materia, considera procedente, como un primeiro paso, establecela normativa á que se deberá axustar a construción, ampliación e reforma dos edificios dependentes da mesma, en cumprimento do disposto na sección primeira do título noveno da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

Por todo isto, a proposta do Conselleiro da Presidencia e a iniciativa dos Conselleiros de Cultura e Benestar Social e de Ordenación do Territorio, e Obras Públicas, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinteseis de marzo de mil novecentos oitenta e sete,

DISPÓÑO:

Artigo 1.º— A construción, ampliación e reforma dos edificios dependentes da Xunta de Galicia, destinados a un uso que implique a concorrencia de público, efectuarase de tal forma que resulten accesibles e utilizables para os minusválidos.

Artigo 2.º— Na redacción dos proxectos básicos e de execución das obras de construción, ampliación e/ou reforma dos edificios dependentes da Xunta de Galicia, destinados á prestación directa de servizos públicos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá de cumprirse o establecido no artigo anterior.

Para estes efectos, os órganos de contratación de cada unha das Consellerías da Xunta de Galicia velarán polo cumprimento das normas técnicas que deberán reunir os edificios afectados ó uso xeral ou á prestación de servizos públicos da súa competencia, para permitirla accesibilidade e mobilidade dos minusválidos.

Artigo 3.º— Na fachada dos edificios ós que se refire este Decreto ou nas portas de acceso ó complexo onde estean ubicados os mesmos e que reúnan as características sinaladas no artigo 1.º, instálase, en lugar visible, o símbolo internacional de accesibilidade para minusválidos, constituído por unha figura estilizada dun minusválido en silla de rodas, branco sobre fondo azul, de 0,20 metros de ancho por 0,30 metros de alto, do cal figura o anagrama no anexo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para os efectos do previsto no presente Decreto, na Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos, regulada na disposición adicional 2.ª do Decreto 249/83, haberá un representante de cada Consellería da Zona de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tódolos edificios dependentes da Xunta de Galicia actualmente existentes e destinados a un uso que implique a concorrencia de público deberán efectuarse, na medida do obxectivamente posible, as correspondentes reformas ou solucións técnicas adecuadas que impliquen a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Para estes efectos entenderase por barreira arquitectónica toda aquela traba, impedimento ou obstáculo físico que limite ou impida a liberdade de movemento das persoas minusválidas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.— Autorízase ó Conselleiro da Presidencia

cia para dictar tódalas disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do presente Decreto.

Segunda.— O presente Decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinteseis de marzo de mil novecentos oitenta e sete.

Xerardo Fernández Albor
Presidente

Manuel Anxo Villanueva Cendón
Conselleiro da Presidencia

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 72/1987, do 17 de marzo, polo que se crea a Comisión de Desaugamento de Encoros da Comunidade Autónoma de Galicia.

A transferencia de competencias en materia hidráulica á Comunidade Autónoma de Galicia nas bacías internas leva parellos de seu, entre outros aspectos, o coñecemento e a supervisión da explotación dos encoros establecidos nelas, e sobre todo polo que toca á previsión de enchentes, facendo compatibles os intereses dos usuarios dos encoros cos da Comunidade Autónoma no que se refire á protección dos leitos e ribeiras, cultivos, fauna e flora e poboación asentada nas zonas de posible influencia ou a calquera outro aspecto que poida ter relación con aqueles intereses.

En aspectos menos críticos, o coñecemento e a supervisión por parte da Comunidade Autónoma terá por obxecto harmonizar e facer compatibles as diversas concesións de uso do dominio público hidráulico en tódalas súas vertentes.

Faise conveniente, polo tanto, que dentro desta Comunidade Autónoma se cree un órgano que teña ó seu cargo a decisión sobre as limitacións que sexa preciso dispoñer na explotación dos encoros para conseguir unha harmonización lóxica nos diversos usos da auga.

Para este aspecto da xestión hidráulica existen de vello no ordenamento español as «Comisións de Desembalses», que foron creadas co ámbito territorial da bacía de que se trata e que na ordenación galega pasan a chamarse «Comisións de Desaugamento de Encoros».

No caso das bacías de Galicia-costá, créase a Comisión pertinente de xeito similar ás existentes no territorio nacional; non obstante, deberá modificarse o seu réxime no que sexa posible polo desenvolvemento do artigo 31 da Lei de Augas.

Polo tanto, a proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de marzo de mil novecentos oitenta e sete,

DISPOÑO:

Artigo primeiro.— Nas bacías de Galicia-costá constitúese unha «Comisión de Desaugamento de Encoros» coa función de deliberar e tomar acordos sobre o réxime adecuado de enchemento e baleirado dos encoros en bacías hidrográficas que sexan da competencia da Xunta de Galicia e para tales fins deberá ter en conta os dereitos concesionais e de preferencia, os regulamentos de explotación aprobados, as disponibilidades hidráulicas, as necesidades dos distintos aproveitamentos e as normas dictadas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas que se refiran a estes aspectos.

Ademais desta función, a devandita Comisión actuará como órgano consultivo naqueles problemas de explotación dos aproveitamentos que garden relación cos encoros das bacías.

A Comisión de Desaugamento de Encoros actuará en pleno ou por seccións, actuando deste último xeito cando se trate do réxime dun encoro ou dun sistema de encoros de explotación independente, sen conexión directa cos restantes.

Artigo segundo.— A Comisión de Desaugamento de Encoros estará presidida polo Director Xeral de Obras Públicas e constituída por representantes da Administración, dos usuarios directos e doutros intereses que garden relación coa explotación dos encoros.

Actuarán como vocais, en nome da Comunidade Autónoma, o Subdirector Xeral de Obras Hidráulicas e o Xefe de Sección de Planificación e Concesións desa Subdirección, que actuará como secretario; un representante da Consellería de Agricultura e outro da de Traballo, Industria e Turismo. Estes vocais fixos actuarán tanto se a Comisión se reúne en pleno como en seccións; neste último caso, engadirase a eles o Xefe do Servicio Provincial de Obras Hidráulicas correspondente.

Os representantes dos usuarios directos serán designados polos Concellos da Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Baiona, xa que dispoñen actualmente de encoros para o seu abastecemento de auga. A estes Concellos uniráselles, para efectos de designación, calquera outro que no futuro tivese encoros de abastecemento de auga. Esta facultade faise extensiva a mancomunidades ou consorcios de concellos nas mesmas circunstancias.

De igual forma serán designados os representantes das entidades públicas ou privadas que teñan dereitos específicos sobre encoros nas bacías.

A representación de intereses non específicos corresponderalles a dous vocais, designados polos Concellos das ribeiras augas abaixo dos encoros, facéndose extensiva, en idéntico sentido, á representación de usuarios directos.

Tódolos vocais terán voz e voto, excepto o Subdirector Xeral de Obras Hidráulicas, o secretario e, no seu caso, o Xefe do Servicio Provincial de Obras Hidráulicas, que soamente terán voz. O presidente terá voto de calidade.